



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com

ACTA 3/2023

REUNIÓN DA ASEMBLEA XERAL

ACTA DA REUNIÓN DA ASEMBLEA XERAL DA FEDERACIÓN COLOMBÓFILA GALEGA CELEBRADA O DÍA 04 DE NOVEMBRO DE 2023.

En Santiago de Compostela, no hotel Santiago Apostol, sendo as 09:30 horas do día 04 de novembro de 2023, en segunda convocatoria, reúnese a **ASEMBLEA XERAL DA FCG, con carácter ordinario** presidida por D. Enrique Freire Sobral, actuando como Secretario D. Manuel Rey San Luis, asistindo á mesma os membros que a continuación se relacionan:

PRESIDENTE:

D. Enrique Freire Sobral

SECRETARIO:

D. Manuel Rey San Luis

TESOUREIRO:

D. José R. Costas Carbajal

ESTAMENTO DE CLUBS:

D. MANUEL FERNANDEZ MALLO (C.C. Herculino) **Delegou a súa asistencia nesta persoa o Sr. Presidente D. Julio Alfonso Paz Ruiz**

D. JOSÉ C. CASTRO PORTA (U.C.M. Mariñas Altas)

D. ENRIQUE GARCÍA RODRÍGUEZ (C.C.Pombas do Val Miñor)

D. CARLOS BUDIÑO PEREIRA (C.C. Mensajeras de Cambre)

D. JAVIER FERNÁNDEZ PENA (C.C.Terracha)

D. DAVID RODRIGUEZ ROMERO (C.C.Palomas Mensajeras de Vigo)

D. JOSÉ M^a VILLAR RODRÍGUEZ (C.C.Porriño) **Delegou a súa asistencia nesta persoa o Sr. Presidente D. Alfonso M. Pozaco González**

D. DANIEL RODRIGUEZ DOPAZO (C.C.Alas Compostelanas)

D. CARLOS GARCIA BALBOA (C.C.Pombas do Salnés)

D. LOIS SEIJO CASTRO (S.C.Lucense)

D. JOSÉ M. MACIEL COMESAÑA (C.C.Mensaxeiras de Nigrán)

D. DANIEL CARBALLAL TORRES (C.C.Ria de Pontevedra)

D. JAVIER LAGOA FERNÁNDEZ (C.C.Mensaxeiras de Narón)

D. RAMÓN IGLESIAS FERNÁNDEZ (C.C.Pombas da Mariña)

D. JAIME M. LOPEZ RODRÍGUEZ (C.C.Aires de Lemos)

ESTAMENTO DE DEPORTISTAS:

D. JULIO GONZALEZ IGLESIAS

D. ANGEL TORRE IGLESIAS

D. RAFAEL PIÑEIRO RODRÍGUEZ

D. MANUEL VILABOIA ALMEIDA

D. LUIS A. FROIZ SOLIÑO

D. JESÚS O. BUDIÑO PEREIRA



FEDERACION COLOMBOFILO GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com



D. BRUNO DÍAZ FERNÁNDEZ

ESTAMENTO DE XUCES:

Escusan a súa asistencia:

- D. PEDRO BECERRA GONZALEZ (Estamento de Xuices)
- D. JESUS RODRÍGUEZ COSTAS (Estamento de Deportistas)
- D. OSCAR SANJURJO GONZÁLEZ (Estamento de Xuices)

Autorízase a asistencia a esta reunión como convidado a D. Mael Currás Ferverza (Secretario do Comité Deportivo) con voz pero sen voto.

A petición de D. Carlos García Balboa, presidente do C.C.Pombas do Salnés, autorízase tamén a asistencia a esta reunión de D. Carlos Fernández Rey como invitado con voz pero sen voto

Esta reunión axústase ó seguinte **Orde do día:**

- 1.- Lectura e aprobación (se procede) da acta da sesión anterior**
- 2.- Coñecemento do Balance Económico**
- 3.- Orzamento económico para o ano 2024**
- 4.- Información sobre a auditoria de contas exercicio 2022**
- 5.- Borrador calendario deportivo 2024**
- 6.- Modificacións ao Regulamento Deportivo**
- 7.-"LV" Exposición Galega da Pomba Mensaxeira**
 - Determinación do club organizador
 - Invitación ao menú do xantar por parte da FCG aos campións galegos desta tempada.
- 8.- Exposición Nacional da Pomba Mensaxeira 2023**
- 9.- Aprobación dos resultados deportivos da temporada 2023.**
- 10.- Rogos e preguntas**

Antes de dar comenzo á reunión coa Orden do Día establecido, o representante do C.C.Porriño D. José M^a Villar Rodríguez e D. Enrique García Rodríguez como presidente do C.C.Pombas do Val Miñor, expresan a súa desconformidade con esta reunión, xa que a orde do día da mesma non se mandou en tempo e forma e o novo horario da convocatoria, polo que non se debería celebrar .

O Sr. secretario pon en antecedentes a todos os presentes a esta reunión deste feito, explicando que a orde do día non se enviou (por descoido) o día 4 de Outubro xunto coa convocatoria da reunión e outra documentación relativa a tratar na asemblea, enviándose a todos os asembleístas via correo electrónico o día 2 de Novembro as 11 da mañá.

Ante a solicitude de anulación desta reunión por parte de D. José M^a Villar Rodríguez, o resto dos asistentes deciden continuar coa mesma, xa que non cren ter que anulala por este



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com



incidente “unha vez que estamos aquí é mellor continuar coa reunión que volver de novo outro día”, sendo este a decisión maioritaria.

Acto seguido e como se vai a continuar coa reunión, D. José M^a Villar Rodríguez **auséntase da mesma.**

Toma a palabra o Sr. presidente para agradecer a asistencia a todos os membros a esta reunión, dando continuidade á mesma

Primeiro.- LECTURA E APROBACION SI PROCEDE DA ACTA DA ASEMBLEA ANTERIOR.

os asistentes coñecen as actas de data 12 de decembro de 2022 e acta nº 2 de data 2 de xullo de 2023 que se lles remitiron coa convocatoria.

O Sr. Enrique García Rodríguez solicita revisar a gravación da reunión do día 2 de xullo para verificar a que partida destínase o diñeiro aprobado nesa reunión para a celebración da exposición Luso-Galaica. O Sr. secretario comproba que non dispón desa gravación nos arquivos e que se interesará pola mesma para comprobar ese dato.

Non realizándose ningunha obxección máis ás mesmas, estas actas son aprobadas coas abstencións dos Srs. Enrique García Rodríguez e José M. Maciel Comesaña.

Posto en contacto o secretario coa persoa encargada de gravar esa reunión, coméntame que por problemas xurdidos na mesma non se gravou. En relación con este tema, subscríbese que en notas manuscritas da acta federativa do pasado día 2 de xullo faise constancia de que o importe de 300.- € destinaríanse a premios.

Segundo.- COÑECEMENTO DO BALANCE ECONÓMICO AO 28-10-23.

Dáse lectura por parte do Sr. Tesoureiro ao balance ao 28-10-2023 dando un rápido repaso ás diferentes contas de gastos e ingresos deténdose nalgunha delas para realizar consideracións sobre as mesmas, con respecto aos cargos para pasar aos clubs aprobados na asemblea do pasado mes de decembro 2022 correspondentes ao mantemento da páxina web e programas informáticos, con motivo de non elevar en exceso os gastos aos clubs, só pasaranse os cargos correspondentes ao mantemento da páxina web, os cales xa se lles pasaron aos clubs.

En canto aos cargos para pasar aos club polos gastos ocasionados polo mantemento da páxina web e programas informáticos para o ano que vén, acórdase por unanimidade o seguinte:

- Prorratear o gasto do mantemento da web por número de licenzas absolutas de cada club para a tempada deportiva 2024
- . - Establecer o cargo por club correspondente ao custo dos programas informáticos no 1º trimestre do ano, porque cada club tiene su licencia.

En canto á demanda realizada polo Sr. Daniel Rodríguez Dopazo sobre o custo da fase de velocidade, acordase nesta reunión que o custo da fase de velocidade quede fixada no prezo fixo de 0,80.- €/pomba e os gastos pendentes do transporte (24.136,73.- €) serán repartidos



FEDERACION COLOMBOFILO GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 Tfno.: 605.115.366
 E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com



segundo o grao de participación de cada club sobre as fases de Medio Fondo, Media Distancia, Fondo e Gran Fondo.

Aprobase a cantidade de 10.525.- €+ o importe do segundo lote da subasta para a subvención dos voos desta tempada deportiva por parte de esta Federación.

Terceiro.- ORZAMENTO ECONÓMICO PARA O ANO 2024

Dáse lectura por parte do Sr. Tesoureiro ao orzamento económico para o ano 2024, Despois de facer varias aclaracións a partidas orzamentarias, toma a palabra o Sr. Secretario para aclarar que a partida de 400.- € destinada a Cursos e Actividades formativas corresponde á realización dunha xornada colombófila sobre temas de xuíces e veterinaria. Esta xornada realizarase en Santiago de Compostela os días 20 e 21 de Xaneiro-24 e serán impartidas polos xuíces nacionais José M^a Vázquez Gavito e Tomás Montiel Luis, e por Belén de Malibrán Rosas como veterinaria e Colombófila da Comunidade de Madrid.

FEDERACION COLOMBOFILO GALEGA PRESUPUESTO ECONOMICO AÑO 2024 (M1)

INGRESOS			
Descripción:		Presupuesto	
VENTAS MATERIAL DEPORTIVO			24.662,30 €
Anillas Nido (14900)		11.175,00 €	
Anillos electronicos		4.500,00 €	
Vacunas		8.800,00 €	
Precintos		187,30 €	
LICENCIAS FEDERATIVAS		Presupuesto	12.125,00 €
Licencias emitidas por FCG		4.596,28 €	
Licencias RFCE		5.563,72 €	
Cuota Clubs a la RFCE		1.965,00 €	
SUBVENCIONES		Presupuesto	9.130,00 €
Subvención Xunta de Galicia		8.060,00 €	
Subvención RFCE		1.070,00 €	
OTROS INGRESOS DE GESTION		Presupuesto	41.100,00 €
Aportaciones Clubs gasto transporte palomas		38.400,00 €	
Anillas nido otras federaciones		- €	
Aport.Clubes mant. Pagina WEB		1.200,00 €	
Aport.Clubes mant.progr.informat Colons		1.500,00 €	
INGRESOS			87.017,30 €
GASTOS			
		Presupuesto	16.467,30 €
COMPRAS MATERIAL DEPORTIVO			
Anillas Nido (14900)		2.980,00 €	
Anillos electronicos		4.500,00 €	
Vacunas		8.800,00 €	
Precintos		187,30 €	
GASTOS ACTIVIDADES DEPORTIVAS		Presupuesto	54.330,00 €
Trofeos temp deportiva 2024		1.960,00 €	
Transporte Palomas		38.400,00 €	
Exposicion Regional 2024		2.150,00 €	
Exposicion Nacional		125,00 €	
Mantenimiento progr. Inform. Colons		1.600,00 €	
Subvenciones Concursos Regionales		9.395,00 €	
Cursos y actividades formativas		400,00 €	
Dietas Jueces		300,00 €	
LICENCIAS		Presupuesto	7.528,72 €
Licencias RFCE		5.563,72 €	
Cuota Clubs a la RFCE		1.965,00 €	
GASTOS REPRESENTACION		Presupuesto	5.615,00 €
Juntas Directivas		145,00 €	
Asambleas		670,00 €	
Comisión Deportiva		- €	
Desplazamientos Secretario		4.800,00 €	
SERVICIOS VARIOS		Presupuesto	1.967,99 €
Comunicaciones		26,00 €	
Material Oficina		90,00 €	
Portes Varios		60,00 €	
Gastos Varios		89,00 €	
Servicio Archivo y Documentacion.		480,00 €	
Dominio Pagina Web		22,99 €	
Mantenimiento pagina web		1.200,00 €	
Conservación inmovilizado		- €	
SERVICIOS PROFESIONALES INDEPENDIENTES		Presupuesto	363,00 €
Asesores externos.		363,00 €	
GASTOS FINANCIEROS		Presupuesto	578,00 €
Comisiones Bancarias.		578,00 €	
AMORTIZACIONES		Presupuesto	167,29 €
Amortizaciones 2024		167,29 €	
TOTAL GASTOS / AMORTIZACIONES			87.017,30 €



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 Tfno.: 605.115.366
 E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com



Cuarto.- INFORMACIÓN SOBRE A AUDITORIA DE CONTAS.-

Toma a palabra o Sr. secretario para informar a os membros asistentes que por segundo ano consecutivo realizouse a pedimento da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia a auditoría de contas correspondente ao exercicio económico do ano 2022 sendo a empresa encargada da realización desta auditoría "Auren Auditores SP".

O resultado final da devandita auditoría e como opinión da empresa auditora sobre os datos económicos achegados pola federación, foi:

Opinión

Hemos auditado las cuentas anuales Abreviadas de la FEDERACION COLOMBÓFILA GALLEGA (La Federación), que comprenden el balance a 31 de diciembre de 2022, la cuenta de pérdidas y ganancias, y la memoria, todos ellos Abreviados, correspondientes al ejercicio anual terminado en dicha fecha.

En nuestra opinión, las cuentas anuales abreviadas adjuntas expresan, en todos los aspectos significativos, la imagen fiel del patrimonio y de la situación financiera de la FEDERACION COLOMBÓFILA GALLEGA a 31 de diciembre de 2022, así como de sus resultados correspondientes al ejercicio terminado en dicha fecha, de conformidad con el marco normativo de información financiera que resulta de aplicación (que se identifica en la nota 2 de la memoria) y, en particular, con los principios y criterios contables contenidos en el mismo.

Quinto.- CALENDARIO DEPORTIVO 2024

Todos os membros asistentes son coñecedores dos calendarios deportivos presentados para a tempada deportiva 2024.

Proposta do calendario deportivo presentado pola Comisión Deportiva

Enceste	Solta	Lugar da solta	Distancias	Cpto. Galego	Cpto. Nacional
		A GUDIÑA		V- SC	
		A GUDIÑA / PUEBLA		V-SC	
		A GUDIÑA /BENAVENTE		V-SC	
		BENAVENTE		MF-M-SC	
		TORDESILLAS		MF-M-SC	S-CE-CI
		AREVALO		MF-M-SC	S-CE-CI
		A GUDIÑA		ENTRENO	
		BENAVENTE		MD	
		TARANCON		FONDO	S-CE-CI
		DESCANSO			
		TORDESILLAS		MD	PJ
		MONTALBO		FONDO	S-CE-CI
		DESCANSO			
		TARANCON		MD	PJ
		REQUENA		FONDO	S-CE
		DESCANSO			
		DESCANSO			
		VALENCIA		GRAN FONDO	S-CE
		DESCANSO			
		DESCANSO			
		DESCANSO			
		CANET DE MAR		GRAN FONDO	



FEDERACION COLOMBOFILO GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
 Tfno.: 605.115.366
 E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com

Proposta do Calendario Deportivo presentada polo C.C.Pombas do Val Miñor:

ENCESTE	SUELTA	Lugar da solta	Distancias	Cpto. Galego	Cpto. Nacional
		GUDIÑA	162	ENTRENO	
8-03-2023	9-03-2023	GUDIÑA	162	ENTRENO	
15-03-2023	16-03-2023	GUDIÑA	162	ENTRENO	
23-03-2023	24-03-2023	BENAVENTE	222/281	MF-M-SC	CE-VELOCIDAD
30-03-2023	31-03-2023	MEDINA DEL CAMPO	309/348	MF-M-SC	CE-VELOCIDAD
06-04-2023	07-04-2023	AREVALO	380/420	MF-M-SC	
	13-04-2023	A GUDIÑA	162	ENTRENO	
19-04-2023	20-04-2023	BENAVENTE	222/281	MD	
19-04-2023	21-04-2023	ALCAZAR	537/588	FONDO	S-CE-FONDO
	27-04-2023	DESCANSO			
03-05-2023	04-05-2023	MEDINA DEL CAMPO	309/348	MD	PJ
03-05-2023	05-05-2023	REQUENA	684/728	FONDO	C.E-G-F
	11-05-2023	DESCANSO			
	18-05-2023	DESCANSO			
23-05-2023	25-05-2023	ALCAZAR	537/588	MD	PJ
23-05-2023	25-05-2023	ALCAZAR		FONDO	S-CE-FONDO
01-06-2023	01-06-2023	DESCANSO			
08/06/2023	08/06/2023	DESCANSO			
13/06/2023	15/06/2023	ESTACION DE CHINCHILLA	675/723	GRAN FONDO	C.E-G-F
	22/06/2023	DESCANSO			
	29/06/2023	DESCANSO			
	6/07/2023	DESCANSO			
10-07-2023	12-07-2023	CANET DE MAR	917/944	GRAN FONDO	

Proposta do calendario deportivo presentado polos clubs da provincia de A Coruña e Lugo:

ESTA PROPOSTA PRESENTANA: Da Coruña: Club Columbófilo Mariñas Altas, Mensaxeiras de Cambre, Círculo Columbófilo Herculino, Alas Compostelanas, Mensaxeiras de Narón. De Lugo: Pombas da Mariña, Lucense, Aires de Lemos, Terra Chá.

PROPOSTA CALENDARIO DEPORTIVO 2024

Enceste	Solta	Lugar da solta	Cpto. Galego	Cptos. Nacionales Coruña/Pontevedra	Cptos. Nacionales Lugo	Distancias Coruña	Distancias Pontevedra	Distancias Lugo	Estimación Coste
23-mar.	24-mar.	A GUDIÑA (Ourense)	ENTRENO			130/198 Km.	99/162 Km.	60/187 Km.	1.300,00 €
30-mar.	31-mar.	BENAVENTE (Zamora)	MF-M-SC	Velocidad	Velocidad	237/300 Km.	222/281 Km.	159/242 Km.	2.469,80 €
6-abr.	7-abr.	TORDESILLAS (Valladolid)	MF-M-SC	Medio Fondo		317/376 Km.	289/352 Km.	235/323 Km.	3.269,50 €
13-abr.	14-abr.	VILLACASTIN (Segovia)	MF-M-SC		Medio Fondo	389/451 Km.	327/419 Km.	310/406 Km.	2.543,58 €
20-abr.	21-abr.	A GUDIÑA (Ourense)	ENTRENO			130/198 Km.	99/162 Km.	60/187 Km.	1.300,00 €
26-abr.	27-abr.	BENAVENTE (Zamora)	MD-SC			237/300 Km.	222/281 Km.	159/242 Km.	3.339,80 €
26-abr.	28-abr.	TARANCON (Cuenca)	F-M-SL	Fondo		556/610 Km.	513/577 Km.	469/560Km.	
10-may.	11-may.	VENTA DE BAÑOS (Palencia)	MD-SC	P.Jóvenes	P.Jóvenes	320/394 Km.	319/369 Km.	255/319 Km.	4.009,52 €
10-may.	12-may.	MANZANARES (Ciudad Real)	F-M-SL		Fondo	595/658 Km.	527/617 K.	523/629 Km.	
24-may.	26-may.	TARANCON (Cuenca)	MD-SC	P.Jóvenes	P.Jóvenes	556/610 Km.	513/577 Km.	469/560Km.	2.874,15 €
24-may.	26-may.	TARANCON (Cuenca)	F-M-SL	Fondo	Fondo	556/610 Km.	513/577 Km.	469/560Km.	
11-mar.	13-jun.	ALMANSA (Albacete)	GF-M-SL	Gran Fondo	Gran Fondo	747/817 Km.	719/773 Km.	676/765 Km.	3.116,65 €
9-jul.	11-jul.	CANET DE MAR (Barcelona)	GF-M-SL	Gran Fondo	Gran Fondo	894/984 Km.	924/980 Km.	842/886 Km.	4.482,00 €
IMPORTE TOTAL (S/IVA)									28.705,00 €



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcdgalega@gmail.com



Despois de establecer unha rolda de opinións entre todos os asistentes sobre as datas, puntos de solta e outras cuestións en relación cas propostas presentadas ao calendario deportivo 2024, chégase aos seguintes acordos:

En canto á proposta feita para a anulación dos adestramentos, a votación realizada foi a seguinte:

16 votos a favor

Abstencións: Javier Fernández Pena, Enrique García Rodríguez, Rafael Piñeiro Rodríguez, Daniel Rodríguez Dopazo e Lois Seijo Castro.

Por tanto, acórdase anular os adestramentos

Para as soltas de Medio Fondo propostas dende Tordesillas e Villacastin a votación levada a cabo foi:

17 Votos a favor para estes dous puntos de solta.

Acórdase como puntos de solta para Medio Fondo: Benavente, Tordesillas e Villacastín

Acórdase como puntos de solta para Media Distancia: Benavente, Tordesillas e Tarancón

Propónse substituír a solta de Manzanés de Fondo (presentada na proposta dos clubs de A Coruña e Lugo) por Requena (presentada na proposta do C.C.Pombas do Val miñor), sendo a votación levada a cabo a seguinte:

17 votos a favor de facer este cambio

Acórdase como puntos de solta para Fondo: Tarancón, Requena e Tarancón

En canto ás soltas de Gran Fondo: Estación de chinchila (na proposta do C.C.Pombas do Val miñor) e Almansa (na proposta dos clubs de A Coruña e Lugo) a votación levada a cabo foi a seguinte:

13 votos a favor de soltar en Almansa

6 votos a favor de soltar en Estación de Chinchilla

Acórdase como puntos de solta para Gran Fondo: Almansa e Canet de Mar

A continuación, faise a votación correspondente á proposta de volar xuntos ou separados.

Nas soltas de Fondo:

11 Votos a favor de soltar separados, Coruña-Lugo (nun grupo) e Pontevedra-Ourense (outro grupo)

2 Abstencións: Sr. Jaime M. López Rodríguez e Lois Seijo Castro

Nas soltas de Gran Fondo soltaranse todas xuntas

As soltas de Media Distancia e Medio fondo farase como se viña facendo ata o de agora.

As quendas de solta serán correlativos para cada solta con 1/2 hora de diferenza entre provincias. As pombas da provincia de Ourense soltaranse sempre de últimas.

Por último, e con respecto ao calendario deportivo acórdase empezar o día 23 de marzo e que entre a solta de Requena e a última solta de media distancia (Tarancón) haxa 3 semanas de descanso.



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com

Calendario Deportivo definitivo aprobado por esta Asamblea para a tempada deportiva 2024

Calendario Deportivo 2024



Enceste	Solta	Lugar da solta	Cpto. Galego	Cptos. Nacionales Coruña/Pontevedra	Cptos. Nacionales Lugo
23-mar.	24-mar.	BENAVENTE (Zamora)	MF-M-SC	Velocidad	Velocidad
30-mar.	31-mar.	TORDESILLAS (Valladolid)	MF-M-SC	Medio Fondo	
6-abr.	7-abr.	VILLACASTIN (Segovia)	MF-M-SC		Medio Fondo
12-abr.	13-abr.	BENAVENTE (Zamora)	MD-SC		
12-abr.	14-abr.	TARANCON (Cuenca)	F-M-SL	Fondo	Fondo
26-abr.	27-abr.	TORDESILLAS (Valladolid)	MD-SC	P.Jóvenes	P.Jóvenes
26-abr.	28-abr.	REQUENA (Valencia)	F-M-SL	Gran Fondo	
17-may.	19-may.	TARANCON (Cuenca)	MD-SC	P.Jóvenes	P.Jóvenes
17-may.	19-may.	TARANCON (Cuenca)	F-M-SL	Fondo	Fondo
11-jun.	13-jun.	ALMANSA (Albacete)	GF-M-SL	Gran Fondo	Gran Fondo
9-jul.	11-jul.	CANET DE MAR (Barcelona)	GF-M-SL		Gran Fondo

Quedan anulados os adestramentos federativos. Poderanse facer adestramentos sociais comunicándoos á Federación. Faranse constar os adestramentos sociais no plan de voos para coñecemento da RFCE.

Sexto.- MODIFICACIÓNS AO REGULAMENTO DEPORTIVO 2024

As modificacións aprobadas nesta Asemblea a levar a cabo no Regulamento Deportivo son as seguintes:

Artigo 20º.- Nos casos nos que se valore a imposibilidade de soltar por motivos climatolóxicos ou algún outro imprevisto de forza maior, a FCG, por medio da súa Comisión Deportiva, poderá adiantar un día **ou atrasar os días que estime oportuno**..... **o resto do artigo non se modifica.**

Artigo 21º.- Unha vez coas pombas en destino e si se estimasen dificultades climatolóxicas graves **ou algún outro imprevisto de forza maior**..... **o resto do artigo non se modifica.**

Artigo 30º.- Anular o texto actual e substituír por:

Novo texto:

a).- Cando se trate da celebración da Exposición Autonómica e para unha mellor valoración e transparencia de cara ós resultados acadados pola actuación dos xuíces participantes nas exposicións sociais será necesario e aconsellable a actuación de polo menos dous xuíces nas



FEDERACION COLOMBOFILO GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com



exposicións que cada club organiza para elixir as pombas que presentarán á exposición autonómica, devanditos xuíces poderán ser tanto nacionais, autonómicos ou sociais.

b).- Os xuíces participantes neste tipo de exposicións non poderán ser do club que organiza a exposición.

c).- Os xuíces poderán participar en máis de unha exposición social.

d).- Aqueles clubs que carezan de xuíces, poderán solicitarlle á secretaria da Federación que lles asigne un xuíz.

e).- A relación de pombas que cada club debe presentar á Exposición Autonómica deberá ser remitida por medios electrónicos en formato dixital (PDF) nos impresos facilitados a tal fin pola Federación nas datas previas á celebración desta e que se lles comunicará via correo electrónico.

f).- Todas as pombas gañadoras dos distintos grupos clasificatorios da Exposición Autonómica deberán obrigatoriamente participar na Exposición Nacional.

Con respecto á modificación deste artigo, a maioría dos asistentes non están de acordo co que se propón nel e como non é de aplicación para este ano, xa que para este ano será de aplicación o regulamento vixente, polo que non se aproba nesta reunión a modificación deste artigo, deixando a súa aprobación para outra Asemblea, á que se expoñerán os cambios oportunos propostos pola comisión de xuíces a través de varias reunións nas que se vertebre o futuro dos xuíces desta Federación.

Artigo 35º.- Todos os campionatos da F.C.G. (tanto autonómicos como provinciais) precisarán dunha participación inicial mínima de 10 pombas por provincia e fase, ~~tanto en Velocidade, Medio Fondo, Media Distancia, Fondo e Gran Fondo.~~ (Anularíase este texto) **a excepción da fase de Gran Fondo que será de 5 pombas por provincia.**

Artigo 57º.- ~~Para competir nos~~ **Os** Campionatos Provinciais de Seguridade **precisarán dunha participación inicial mínima de 10 pombas por provincia e fase, a excepción da fase de Gran Fondo que será de 5 pombas por provincia** ~~cada columbófilo deberá encestar un número mínimo de pombas~~ **nos que cada columbófilo deberá encestar en todas as soltas que compoñan cada fase o número mínimo de pombas seguintes:**

- 10 pombas nas soltas de Velocidade.
- 10 pombas nas soltas de Medio Fondo
- 5 pombas nas soltas de Media Distancia
- 5 pombas nas soltas de Fondo.
- 3 pombas nas soltas de Gran Fondo.
- 10 pombas nas soltas de Pichóns



FEDERACION COLOMBOFILO GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
[15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com



Modificación Artigo 42 do Regulamento Deportivo quedando como sigue:

Artigo 42º.- As clasificacións para o Campionato Galego "AS-POMBA" confeccionaranse en base **aos puntos conseguidos por cada pomba en cada unha das probas que compoñen este campionato, segundo a fórmula utilizada pola RFCE nos campionatos nacionais**. ~~á velocidade media harmónica acadada por cada unha das pombas na fase de que se trate, é dicir, segundo o resultado de dividir a suma das distancias recorridas en todas as soltas entre a suma dos tempos invertidos. Resultará clasificada en 1º lugar a que consiga o maior nº de puntos no computo xeral deste campionato~~ a ~~velocidade media harmónica~~ **mais alta**. Este é un campionato aberto a participación de todas as pombas inscritas nas carreiras.

Artigo 40º (Novo).- Para que un campionato provincial poida iniciarse e ser válido, será necesario (ademais das normas do nº de colombófilos e pombas participantes que establece o regulamento) a participación de polo menos dous clubs da mesma provincia ao comezo do mesmo.

Establecese a participación de polo menos dúas provincias para puntuar no mellor club de Galicia. **(Este último texto incluírase no artigo 58)**

Artigo 41º (Novo).- As pombas recibidas das soltas de Gran Fondo establecidas pola federación, deberán ser comunicadas de maneira telemática a través da ligazón estipulada pola federación nun prazo máximo de 24 horas de recibilas. As pombas que non sexan comunicadas desta maneira quedarán descualificadas para o campionato galego "As de Gran Fondo".

Séptimo.- "LV" EXPOSICIÓN GALEGA DA POMBA MENSAXEIRA

a).- Determinación do club organizador e data de celebración.- Toma a palabra o Sr. Secretario para poñer en coñecemento dos membros asistentes que o próximo club en organizar a Exposición Galega da Pomba Mensaxeiras para o vindeiro ano 2024 será o C.C.Lucense.

b).- Invitación ao menú do xantar por parte da FCG aos campións galegos desta tempada.- Acórdase nesta reunión non convidar os campións galegos á comida de confraternidade na entrega de trofeos da próxima campaña deportiva.

Octavo.- EXPOSICION NACIONAL 2023

O sr. secretario pon en coñecemento dos membros asistentes que a exposición nacional celebrarase en Guadalaxara os días 11 ao 14 de Xaneiro-24

Noveno.- APROBACIÓN DOS RESULTADOS DA CAMPAÑA DEPORTIVA 2023

Os asistentes coñecen as clasificacións correspondentes a esta tempada deportiva 2023 que se lles remitiron coa convocatoria.

Estas clasificacións foron aprobadas por unanimidade.

O Sr. Enrique García Rodríguez solicita verificar se a solta de Tarancón é válida para o campionato de maratón (norte) despois de solicitar as provincias da Coruña e Lugo modificación de puntos de solta.



FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA

Plaza de León, nº 1-1º D
15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tfno.: 605.115.366
E.Mail: Secretariafcdgalega@gmail.com



En contestación a esta solicitude, na acta da Comisión Delegada de data 14 de maio de 2023 apróbase a modificación dos puntos de solta de media distancia e fondo presentada á comisión deportiva por parte dos clubs da Coruña e Lugo.

Décimo.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Angel Torre propón realizar unha reunión monotemática da Asemblea Xeral da federación para estudar o futuro económico das vindeiras campañas deportivas. Tamén propón un seminario a realizar unha vez rematada a exposición para crear as bases do futuro dos xuíces da federación

E sen máis asuntos que tratar, levantase a sesión, sendo as Quince horas e vinte minutos do día da data.

Asdo: Enrique Freire Sobral
-Presidente-

Asdo. Manuel Rey San Luis
-Secretario-